

MYKES
VOLUME 27, 2024
ÍNDICE

MICROBIOTA

- CASTRO, M.L.. Macromicetos do nordeste transmontano:São Martinho do Peso (Mogadouro, Portugal) **7**
CASTRO, M.L.. Mushrooms of Nordeste Transmontano: São Martinho do Peso (Mogadouro, Portugal)
- CASTRO, M.L.. Aportación ao coñecemento corolóxico dos macromicetos no concello de Muiños (Ourense, Galicia) **39**
CASTRO, M.L. Contribution to the chorological knowledge of macromycetes in the municipality of Muiños (Ourense, Galicia)
- REQUEJO, O. MELÓN-RAÑA, A. & CASTRO, M.L. Novas aportacións á micobiota das Gándaras de Budiño (Pontevedra, NW Península Ibérica) **59**
REQUEJO, O. MELÓN-RAÑA, A. & CASTRO, M.L. New contributions of the mycobiota of the Gándaras de Budiño (Pontevedra, NW Iberian Peninsula)
- REQUEJO, O. *Agaricus collegarum* nova especie para a micobiota galega e moi raro en Europa **89**
REQUEJO, O. *Agaricus collegarum* new species for the galician mycobiota and very rare in Europe
- ALBIZÚA, T. Estudo da micobiota de áreas queimadas en A Canicouva (Pontevedra) **97**
ALBIZÚA, T. Study of the mycobiota in burned areas of A Canicouva (Pontevedra)

MISCELÁNEAS

- Actividades do *Grupo Micolóxico Galego*. Ano 2024 **119**
Instrucións aos autores **120**

APORTACIÓN AO COÑECEMENTO COROLÓXICO DOS MACROMICETOS NO CONCELLO DE MUIÑOS (OURENSE, GALICIA)

por
M.L. CASTRO*

CASTRO, M.L. 2024. Aportación ao coñecemento corolóxico dos macromicetos no concello de Muiños (Ourense, Galicia). *Mykes* 27: 39-57.

Resumo

Menciónanse dezaoto coleccións de macromicetos (*Ascomycota*, *Basidiomycota*) pertencentes a doce familias. Os taxons *Imperator rhodosporus*, *Xerocomellus poederi*, *Lactarius uvidus* e *Russula maculata* son novidades corolóxicas para a provincia de Ourense. Saliéntase a presenza de *Baeospora myosura* sobre estróbilo de *Pseudotsuga menziesii*.

Palabras clave: coroloxía, macromicetos, ascomicetos, basidiomicetos, Galicia, Ourense.

CASTRO, M.L. 2024. Contribution to the chorological knowledge of macromycetes in the municipality of Muiños (Ourense, Galicia). *Mykes* 27: 39-57.

Summary

Eighteen collections of macromycetes (*Ascomycota*, *Basidiomycota*) belonging to twelve families are mentioned. The taxa *Imperator rhodosporus*, *Xerocomellus poederi*, *Lactarius uvidus* and *Russula maculata* are chorological novelties for the Ourense province. We highlight the presence of *Baeospora myosura* on *Pseudotsuga menziesii* strobili.

Key words: chorology, macromycetes, ascomycetes, basidiomycetes, Galicia, Ourense.

*Grupo Micolóxico Galego. Correo: ml.castro@sapo.pt

INTRODUCCIÓN

O concello de Muiños, con pouco máis de 109km², está situado no sur da provincia de Ourense, dentro do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, que confina co Parque Nacional da Peneda-Gêres (Portugal). Un continúa no outro, xa que a natureza non coñece fronteiras políticas.

A comarca ten unha xeoloxía moi interesante, na que se diferencian tres unidades. A máis meridional está conformada polas estivacións da serra do Xurés, onde se atopan as maiores alturas, ata os 1422 m de Fontefría ou os 1370 m do Rechao, en xeral presentan formas redondeadas nas que se poden ver os característicos bolos graníticos. A segunda, formada por unha zona montañosa media, está atravesada polo río Salas, con alturas que, como as do monte do Facho, superan pouco os 900 m. E a terceira corresponde á bacía do río Limia e do Salas, que forman embalses tan importantes coma o das Conchas e do Salas (CONCELLO DE MUIÑOS, en liña). Nesta última é onde se encadra a zona de mostraxe.

O clima resulta difícil de definir, aínda que parece clasificarse como húmido, pero ao tratarse dunha zona deficitaria en estacións meteorolóxicas foi considerada como unha comarca con certos rasgos de mediterrización. Con todo, esta denominación aplicada aos tipos fitoclimáticos que caracterizan gran parte da provincia de Ourense non se corresponden coa realidade florística e de vexetación destes territorios (RODRÍGUEZ & RAMIL, 2007), unha vez que existen bosques de carballos mesturados con rebolos e os matos están dominados por toxos, xestas e urces, semellantes aos da costa atlántica no NO ibérico e non aos da confluencia Sil e Miño, nos que predominan aciñeiras, sobreiras, estevas e tomelos. Inda así, a marcada impronta submediterránea vese reflectida na sucesión vexetal, desde os bosques ata os prados anuais.

Propostas máis recentes (RIVAS-MARTÍNEZ *et al.*, 2017) sitúan o territorio no macrobioclima Temperado e no subtipo Temperado oceánico submediterráneo, unha variante na que durante un mes do verán a precipitación é moi baixa, que xa fora indicada por

CARBALLEIRA *et al.* (1983) no embalse das Conchas, estimando un periodo de aridez inferior a dous meses.

Para definir a vexetación autóctona é necesario considerar que Muiños presenta elementos eurosiberianos e elementos mediterráneos (punto de inflexión entre ambas rexións), o que lle confire condicións florísticas e de vexetación singulares, nas que os bosques autóctonos das partes baixas están configurados por carballos (*Quercus robur* L. con algún *Q. pyrenaica* Willd.), con *Ruscus aculeatus* L., *Ilex aquifolium* L. e matos de *Ulex europaeus* L., *Cytisus striatus* (Hill) Rothm., *C. scoparius* (L.) Link, *Calluna vulgaris* (L.) Hull, *Daboecia cantabrica* (Huds.) K. Koch, *Erica arborea* Brot., *E. cinerea* L. e *E. australis* L., mentres que en altura as formacións de *Pinus sylvestris* L. conviven con pradeiras de montaña. As accións morfoxenéticas evolucionaron así desde un ambiente periglaciario suxeito a procesos antrópicos e mecánicos, gobernado pola dinámica das augas de chuvia sobre unha cuberta deforestada (PULGAR, 1999).

A zona visitada na que se realizou a recollida de macromicetos foi unicamente o «Parque Natural de Outeiro de Cela», área recreativa do Corgo, ao pé do embalse das Conchas. Este Parque Forestal, xunto co complexo de Maus de Salas, conta cunha superficie de 40 ha, que foron repoboadas con máis de 30 000 árbores de 60 especies diferentes, tanto coníferas como caducifolias (CONCELLO DE MUIÑOS, en liña). Entre as especies arbóreas observadas durante o recorrido micolóxico destacan: *Quercus* spp., *Castanea sativa* Miller, *Betula alba* L., *Pinus* spp., *Pseudotsuga menziesii* (Mirb.) Franco, *Laurus nobilis* L., *Crataegus monogyna* Jacq., *Corylus avellana* L., *Arbutus unedo* L., *Ilex aquifolium* L., *Robinia pseudoacacia* L., *Salix* spp. e *Acer* spp.

METODOLOXÍA

As coleccións estudadas foron recolectadas, polos diversos asistentes, durante unha das saídas mensuais do Grupo

Micolóxico Galego «Luís Freire» (GMG), identificados nos legit de cada ficha. Foi realizada o 24 de setembro de 2023, como xa se indicou antes, ao «Parque Natural de Outeiro de Cela», área recreativa do Corgo (Muiños, Ourense). Como é habitual anotáronse «in situ» os caracteres organolépticos fugaces e as exsiccata foron separadas en diferentes sobres numerados. O transporte ao laboratorio e o deshidratado realizouse seguindo a metodoloxía habitual.

Tamén se efectuou a pre-identificación en fresco, antes da deshidratación, con obras de carácter xeral, como COURTECUISSE (2005), ESTEVE-RAVENTÓS *et al.* (2007), MORENO & GARCÍA (2010) e LÆSSØE & PETERSEN (2019), para, posteriormente, acudir tanto a monografías como a artigos específicos durante a análise microscópica. As obras e artigos utilizados para a identificación figuran mencionados nas observacións de cada taxon.

Por último, a distribución das especies identificadas a nivel mundial comprobouse en GBIF (en liña) e para Galicia, en MICOGA (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, en liña) e FGM (en liña), bases de datos do GMG e o catálogo de fungos de Galicia da Federación Galega de Micoloxía, respectivamente. Os nomes dos taxons foron actualizados pola base de datos INDEX FUNGORUM (en liña), e as exsiccata depositáronse na micoteca LOU-Fungi (SIAM de Lourizán, Pontevedra).

CATÁLOGO DE ESPECIES

Do material recolectado conseguíronse identificar dezaioito coleccións, un ascomiceto (familia *Helotiaceae*) e dezasete basidiomicetos, pertencentes ás familias *Amanitaceae* (1), *Boletaceae* (5), *Dacrymycetaceae* (1), *Entolomataceae* (1), *Inocybeaceae* (1), *Marasmiaceae* (1), *Mycenaceae* (2), *Polyporaceae* (1), *Sclerodemataceae* (1), *Tricholomataceae* (1) e *Russulaceae* (2). Entre paréntese figura o número de especies de cada unha. Indícanse por orde alfabética de familia e especie.

Destacan como novidades para a provincia de Ourense:

Imperator rhodosporus, *Xerocomus poederi*, *Lactarius uvidus* e *Russula maculata*, tamén se salienta a presenza de *Baeospora myosura* sobre estróbilo de *Pseudotsuga menziesii* (Mirb.) Franco e a presenza da cada vez menos frecuente no noroeste ibérico *Tricholoma columbetta*.

ASCOMYCOTA

Familia Helotiaceae



Fig. 1. *Hymenoscyphus fructigenus*

***Hymenoscyphus fructigenus* (Bull.) Gray, Nat. Arr. Brit. Pl., 1:673. 1821 [Fig. 1]**

Muiños, sobre cúpula de landra de carballo, 24/9/23, Alexandra e Alicia Mínguez, Lou-Fungi 22007.

Ascomas en forma de copa, cun pé, máis ou menos longo, pequenos, rara vez superan os 3-4 mm, de cor branca, pronto crema. Esporas de 15-19x3-4 µm, paráfisis cilíndricas, cun tabique, algunhas bifurcadas.

O aspecto e o hábitat fan que se trate dun taxon inconfundible (BREITENBACH & KRÄNZLIN, 1981).

Especie amplamente mencionada para a costa oriental de Norteamérica e para Europa. En Galicia coñécese das provincias de A Coruña, Lugo e Ourense (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, en liña).

BASIDIOMYCOTA

Familia *Amanitaceae*

***Amanita rubescens* Pers.**, *Tent. Disp. Meth. fung.*:67. 1797
Muiños, en plantación mixta, 24/9/23, M. Castro, Lou-Fungi 22004; *ibidem*, Lou-Fungi 22005.

Trama de cor viñoso en contacto co ar e copos da mesma cor, inda que o espécime da colección Lou-Fungi 22005 presenta pé moi delgado, anel amarelo e tonalidades amarelas na marxe das láminas, na zona próxima ao borde do chapeu, polo que parece tratarse de *A. rubescens* f. *annulosulphurea* (Gillet) J.E. Lange (NEVILLE & POUMARAT, 2004).

Especie moi común por todo o territorio, tanto baixo coníferas como árbores caducifolias.

Familia *Boletaceae*

***Boletus edulis* Bull.**, *Herb. Fr. (Paris)* 2:pl. 60. 1782
Muiños, en plantación mixta, 24/9/23, A. Mínguez, Lou-Fungi 22002.

Caracteres organolépticos e microscópicos observados son os propios do taxon (MUÑOZ, 2005).

Especie moi común en Galicia, durante todo o ano e en todo tipo de bosques e plantacións forestais.

***Caloboletus calopus* (Pers.) Vizzini**, *Index Fungorum*, 146: 1. 2014 [Fig. 2]

= *Boletus calopus* Pers.

Muiños, en plantación mixta, 24/9/23, M. Toledano, Lou-Fungi 22003.

Resulta facilmente recoñecible polo chapeu de cor branca suxa,

cos poros, máis ou menos, vermellos e ten o pé amarelo con tonalidades avermelladas abundantes e un retículo vermello moi neto. Nunca foi observado co pé enteiramente vermello e sen retículo como indica Muñoz (2005) que pode ocorrer.

Especie moi común en toda Europa, en Galicia é un taxon pouco frecuente, inda que común, relacionado con árbores caducifolias, especialmente *Quercus* spp.



Fig. 2.
Caloboletus
calopus

***Imperator rhodopurpureus* (Smotl.) Assyov, Bellanger, Bertéa, Courtec., Koller, Loizides, G. Marques, J.A. Muñoz, Oppicelli, D. Puddu, F. Rich. & P.A. Moreau, *Index Fungorum*, 243: 1. 2015**

= *Boletus rhodopurpureus* Smotl.

Muiños, en plantación mixta, 24/9/23, M. Pereira Lorenzo, Lou-Fungi 22016.

Especime de gran tamaño, 12x13x2,5 cm. Chapeu plano convexo, de cor pardo alaranxada, vermello púrpura baixo da cutícula, coa manipulación pasa a parda bastante escura, non viscosa. Poros pequenos, vermellos, azulean fortemente, ao igual

que todo o basidioma, ao tocalos. Pé groso, subigual ou lixeiramente inchado na base, con retículo vermello púrpura no tercio superior. Sabor dulce. Esporas de 12-14x5-6 µm, de fusiformes a elípticas, basidios tetraspóricos, sen fíbulas, cistidios ata 60x10 µm, fusiformes, en xeral mucronados.

O pé do exemplar recolectado non é tan abombado como o considera MUÑOZ (2005), pero todas as restantes características coinciden con este taxon.

Especie común en Europa, inda que non demasiado frecuente. En Galicia só aparece mencionado para a provincia de Lugo (Marcote *et al.*, 2011). Novidade para Ourense.

***Leccinum scabrum* (Bull.) Gray**, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1:647. 1821

Muiños, baixo *Betula* sp., 24/9/23, F.X. Martins, Lou-Fungi 22000. As especies deste xénero relacionadas con *Betula alba* L. en Galicia son relativamente parecidas nas cores do chapeu e do pé, con todo, *Leccinum scabrum* identifícase no campo porque non azulea na base do pé e ten a carne branca e inmutable ao corte, non rosada, como ocorre en *L. variicolor* Watling (MUÑOZ, 2005).

Especie amplamente citada, especialmente no Hemisferio Norte, tamén para as catro provincias galegas.

***Xerocomellus poederi* G. Moreno, Heykoop, Esteve-Rav., P. Alvarado & Traba**, *in* Crous *et al.*, *Persoonia*, 36:435. 2016

Muiños, en plantación mixta, 24/9/23, F.X. Martins, Lou-Fungi 22017.

Basidiomas de 3,5-4,5 cm de diámetro no chapéu, que é de cor parda moi escura, algo esgrezado deixando ver a carne avermellada, pé adelgazado na base coa carne vermella, especialmente cara a base.

Trátase dunha especie frecuente, de pequena talla, descrita hai poucos anos, que era confundida habitualmente con *X. chrysenteron* (Bull.) Šutara. Con todo, este non presenta a carne avermellada no pé e é exclusivo de coníferas ou faias (ALONSO DÍAZ *et al.*, 2023; CASTRO *et al.*, 2024).

Debido a confusión entre os dous taxons citados, non se pode establecer a súa distribución e frecuencia.

Familia *Dacrymycetaceae*

***Calocera cornea* (Batsch) Fr.**, *Stirp. Agri. fension.*, 5:67. 1827

Muiños, sobre póla de carballo, 24/9/23, M. Pereira, Lou-Fungi Basidiomas erectos, non ramificados, inda que ás veces están moi aplanado no ápice, de consistencia xelatinosa en fresco, en seco é dura como un corno, ten cor amarela alaranxada e mide como máximo 1,5 (2) cm de lonxitude. Facilmente identificable «in situ».

Especie común en todo o mundo, tamén en Galicia.

Familia *Entolomataceae*

***Clitopilus prunulus* (Scop.) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 96. 1871

Muiños, en plantación mixta, 24/9/23, A. Melón, T. Albizúa e N. Cazás, Lou-Fungi 22012.

Basidiomas de 3,5-5 cm de diámetro, con forte cheiro a fariña, láminas decurrentes e de cor beige ou algo reosadas. Esporas poligonais, de 8-12 x 5-6 µm.

Ao tratarse dunha especie frecuente e comestible coñécese ben a súa distribución no planeta, tamén en Galicia, onde é común.

Familia *Inocybaceae*

***Inocybe lacera* (Fr.) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 79. 1981) [Fig. 3]

Muiños, noiro de terra, en plantación mixta, 24/9/23, M. Castro, Lou-Fungi 22013.

Basidiomas pequenos, de 0,9-1,3 x 1,5-2 x 0,1-0,2 cm. Chapeu de cor parda escura, cunha papila central, coa a marxe incurvada e fribriñas lineares. Láminas de cor parda acastañada, coa marxe máis clara. Pé de cor pardo escuro, non pulverulento, base lixeiramente inchada, non bulboso.

Nas hifas cuticulares non se observaron fíbulas. Basidios pequenos, en forma de maza, tetraspóricos, nalgún caso

bispóricos, de $30\text{-}35 \times 12 \mu\text{m}$, sin fíbulas, esporas lisas, de paredes delgadas, con morfología semellante ás dalgúns boletais, longas e estreitas, de tamaño variable, de $(7,5) 10\text{-}13 \times 5\text{-}5,5 \mu\text{m}$. Pleuro e queilocistidios semellantes, con forma variable, de lageniforme a utriforme, de $45\text{-}57,5 \times 11\text{-}13 \mu\text{m}$, ás veces con cristais apicais.

Os basidiomas recolectados son bastante pequenos en relación ao que se indica na bibliografía, pero os especimes estaban deshidratados «in situ» e KUYPER (1986) considera o tamaño a partir de 1,2 cm de diámetro.

En Galicia está amplamente distribuido ao igual que en Europa, tamén aparece mencionado para as costas norteamericanas, oriental e occidental.



Fig. 3. *Inocybe lacera*

Familia *Marasmiaceae*

***Baeospora myosura* (Fr.) Singer**, *Revue Mycol. (Paris)*, 3(4-5): 193. 1938

Muiños, sobre estróbilo de *Pseudotsuga menziesii*, 24/9/23, A. Melón, T. Albizúa e N. Cazás, Lou-Fungi 22009.

Basidiomas de pequeno tamaño, non alcanzan 1,5 cm de diámetro e gregarios, sempre sobre piñas. Aparición outonal. Chapeu ocre claro ou branco suxo, láminas moi apertadas, brancas, pé moi ríxido concolor co resto e coa base algo radicante.

Con este tamaño, hábitat e fenoloxía resulta inconfundible, xa que os taxons, que podían resultar semellantes son primaverais e pertencen ao xénero *Strobilurus* (MOSER, 1986).

Extraordinariamente común en Europa e na costa oriental de Norteamérica, menos frecuente no resto. En Galicia aparece mencionada en Lugo e Ourense, xa que prefire estróbilos de *Pinus sylvestris* L.

Familia *Mycenaceae*

***Mycena polygramma* (Bull.) Gray**, *Nat. Arr. Brit. Pl.*: 1:619. 1821

Muiños, base de tronco de carballo, entre o mofo, 24/9/23, A. Melón, Lou-Fungi 22018.

Basidiomas pequenos para a especie, chapeu cónico, obtuso, até 1,8 cm de diámetro, gris bastante escuro, lixeiramente estriado por transparencia, fortemente surcado en seco, láminas de cor branca, máis ou menos grisáceas, coa arista algo máis clara, pé de cilíndrico, ríxido, de cor gris escuro, liso, coa base cuberta de pelos hirsutos brancos.

Hifas amiloides, tanto na trama da lámina como baixo a pileipelis. Esporas amiloides, de 7,5-11 x 5,5-7 µm, lisas, pero finamente granudas interiormente como indica KÜHNER (1938), basidios tetráspóricos, en forma de maza e cistidios da marxe ata 45 x 10 µm, con un ou varias prolongacións terminais.

Os nosos exemplares son moi escuros como indica KÜHNER (1838), bastante máis do que mostran ROBICH (2003) e MUÑOZ

(2018), pero o hábitat e os caracteres microscópicos non parecen deixar lugar a dúbidas.

Probablemente se trata da especie de *Mycena lignícola* máis común de Europa, costa oriental norteamericana e Australia. En Galicia aparece nas catro provincias.

***Mycena seynii* Quél., Bull. Soc. bot. Fr., 23:351. 1877**

Muiños, sobre estróbilo de *Pinus* cf. *pinaster*, 24/9/23, F.X. Martins, Lou-Fungi 22008.

Basidiomas coa característica cor rosada, estrías visibles por transparencia e a marxe da lámina de cor rosa intenso. O crecemento da especie sobre piñas facilita a súa identificación.

No Hemisferio Norte, sin lugar a dúbidas é a especie máis común sobre estróbilos de coníferas, especialmente do xénero *Pinus*. Tamén en Galicia.

Familia *Polyporaceae*

***Cyanosporus subcaesius* (A.David) B.K.Cui, L.L.Shen & Y.C.Dai in Shen, Wang, Zhou, Xing, Cui & Dai, *Persoonia* 42 (116):2018 (2019) [Fig.4]**

= *Tyromyces subcaesius* A.David, *Postia subcaesia* (A. David) Jülich, *Oligoporus subcaesius* (A. David) Ryvarden & Gilb.

Muiños, sobre madeira bastante descomposta de árbore caducifolia sen identificar, 24/9/23, A. Melón, Lou-Fungi 22019.

Basidioma sésil, con chapéus máis ou menos semicirculares, ata 2 cm de anchura, cutícula branca con zonas grisáceas, lixeiramente aveludada e non zonada. Carne ata 5-7 mm de grosor, blanda, branca e sabor desagradable ao mastigar. Poros pequenos, de 4-6 /mm, con tonalidades grisáceas e azuladas en fresco, despois máñchanse de ocre. Monomítico, basidios tetraspóricos, esporas, lixeiramente alantoides, de 4-5 x1,5 µm. Xunto con *C. caesius* (Schrad.) McGinty foron considerados unha única especie. Con todo, na actualidade sepáranse ambas. *C. caesius* presenta o basidioma máis plano e de cor azul intenso, en contacto co ar e ao tocalo, e as esporas son moito máis

arqueadas nesta especie (BERNICCHIA, 2005).

Debido ao problema asociado á separación destes dous taxons resulta difícil concretar a súa abundancia e distribución. En Galicia aparece mencionado para as catro provincias.



Fig. 4. *Cyanosporus subcaesius*

Familia *Sclerodermataceae*

***Scleroderma verrucosum* (Bull.) Pers., Syn. meth. fung., 1: 154. 1801**

Muiños, en plantación mixta, 24/9/23, A. Mínguez, LOU-Fungi 22011.

Peridio escamoso, pardusco e pseudopé moi desenvolvido, esporas con grandes espiñas cónicas, ata 1,5 μm (CALONGE, 1998).

Distribuída por todo o planeta, especialmente no Hemisferio Norte. En Galicia é unha das especies do xénero máis comúns.

Familia *Tricholomataceae*

***Tricholoma columbetta* (Fr.) P. Kumm., Führer Pilzk.: 131. 1871**

Muiños, en plantación mixta, 24/9/23, R. Mínguez, Lou-Fungi 22010.

Basidioma de cor branca intensa, excepto a base do pé que manifesta a característica coloración azul turquesa (CHRISTENSEN & HEILMANN-CLAUSEN, 2013).

Ampliamente mencionada para Europa e costa oriental norteamericana. En Galicia coñécese das catro provincias, con todo, nos últimos anos a súa presenza parece ser máis ocasional.

Familia *Russulaceae*

***Lactarius uvidus* (Fr.) Fr., *Epicr. syst. mycol.*: 338. 1838**

Muiños, en plantación mixta, lugar bastante húmido, ao pé dun antigo manantial, 24/9/23, N. Cazás e A. Melón, Lou-Fungi 22014. Basidiomas ata 8 cm de diámetro, ao principio coa marxe incurvada, despois aplanada en forma de funil, cutícula lixeiramente viscosa en tempo seco, non zonada, de cor gris pardusca escura. Pé corto en relación ao chapeu, lixeiramente máis claro e subigual ou algo inchado na base. Latex branco ao principio, rapidamente oxida a violeta, sabor un pouco desagradable.

Pileipellis cunha banda xelificada, tipo ixotricodermis, formada por hifas obtusas, algunhas parecen presentar pigmento interno. Basidios tetraspóricos, ata 38x8 µm, con esterigmas de máis de 5 µm; esporas elipsoides, de 8-9,5x6,5-7 µm, con crestas irregulares, rara vez reticuladas, máis raro algunha verruga illada (no exemplar estudado existían moitas inmaturos, inda sen crestas). Cistidios numerosos (pleuro e queilo) co ápice moniliforme ou moi agudo, inda que tamén se observaron algúns obtusos, ata 90 µm de lonxitude.

Trátase dun taxon moi semellante a *L. luridus* (Pers.) Gray e a *L. violascens* (J. Otto) Fr., tanto macro como microscopicamente, de feito as tonalidades obscuras do chapeu parecen máis propias de *L. violascens* (GALLI, 2006), especie rara de terrenos calcáreos, con todo, tanto a carencia de zonación no chapeu como os caracteres microscópicos permiten identificalo como *L. luridus* (BASSO, 1999).

Distribuido especialmente no Hemisferio Norte. En Galicia só se coñece de Pontevedra (FERNÁNDEZ-MARTÍNEZ & CASTRO, 1998 e MARCOTE *et al.*, 2003, pero neste caso non se indica *exsiccata*). Novidade para Ourense.

***Russula maculata* Quél.**, *Bull. Soc. bot. Fr.*, 24:323. 1878 [1877] [Fig. 5]

= *Russula globispora* (J. Blum) Bon, *R. maculata* var. *globispora* J. Blum, *R. straminea* f. *globispora* (J. Blum) C. Lejeune

Muiños, en plantación mixta, 24/9/23, R. Mínguez, Lou-Fungi 22015

Só foi recolectado un espécime de 9x10x2 cm. Chapeu máis ou menos plano, de cor rosada escura, máis clara no centro, con moita area incrustada na cutícula, que non é retráctil, marxe delgada e lixeiramente incurvada. Láminas anchas, algunhas subdecurrentes, brancas con lixeirísimas tonalidades amarelas, por veces anastomosadas cara ao pé. Pé branco, con lixeiras tonalidades amareladas ao ser manipulado, cutícula rugosa, adelgazado na base, onde se observaron coloracións parduscas claras. Carne con sabor resinoso, despois fortemente picante, en seco desaparece.

Esporas de subglobosas a globosas, de 7-11x6-10 µm, con verrugas pequenas e illadas, inda que nalgúns observáronse de maior tamaño e retículos incompletos. Basidios tetraspóricos de 35-40x14-15 µm. Cistidios alargados e acabados nun apículo máis ou menos alongado, algúns obtusos, de 80-90x10-12 µm.

Como o resto das especies con tonos rosados non resulta fácil a súa identificación. Con todo, as esporas casi esféricas e, en xeral, con verrugas pequenas e illadas fixo pensar en *Russula globispora* (J. Blum) Bon (LLISTOSELLA, 1998; SARNARI, 1998), xa que ningún dos restantes caracteres observados se contrapón a descrición dada por estes autores para este taxon.

Agora ben, a interpretación deste taxon na literatura consultada é complexa. INDEX FUNGORUM (en liña), incluía directamente como sinónima de *Russula maculata* Quél., sen indicar ningunha forma,

como é habitual nesta base de datos, como xa indicaba BLUM (1952, 1953) que a considera variedade de *R. maculata* Quél. & Roze.

CABOÑ *et al.* (2018) mostran nas árbores filoxenéticas, obtidas a partir da análise de diversas especies de *Russula*, lixeiras diferencias entre *R. maculata* e *R. globispora*, que parecen pouco significativas, o que pode confirmar a sinonimia entre ambas. En tanto, que MONEDERO (2011), en concordancia con LEJEUNE (2005), suxire asociar este taxon, a *R. straminea* Malençon como forma. Esta diverxencia só fai confirmar as dificultades para definir a especie (ADAMČÍK *et al.*, 2016).

Aparece mencionada en todo o Hemisferio Norte, pero esa distribución non se sabe se é axustada á realidade, en base aos problemas nomenclaturais e taxonómicos do grupo. En Galicia publicouse como *Russula globispora* para Pontevedra (TRABA, 2017) e A Coruña (TRABA, 2018). Novidade para Ourense.



Fig. 5. *Russula maculata*

AGRADECEMENTOS

Aos membros do Grupo Micolóxico Galego «Luís Freire» que colaboraron na recollida do material, especialmente á familia Mínguez (Ricardo e Alejandro) por elaborar o percurso nese lugar paradisíaco do embalse das Conchas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ADAMČÍK, S., CABOŇ, M., EBERHARDT, U., SABA, M., HAMPE, F., SLOVÁK, M., KLEINE, J., MARXMÜLLER, H., JANČOVIČOVÁ, S., PFSTER, D.H., KHALID, A.N., KOLAŘÍK, M., MARHOLD, K. & VERBEKEN, A. 2016. A molecular analysis reveals hidden species diversity within the current concept of *Russula maculata* (Russulaceae, Basidiomycota). *Phytotaxa*, 270: 71-88.
- ALONSO DÍAZ, J., CASTRO, J., GARCÍA-ECHAVE, C. & RIGUEIRO, A. 2023. *Guía micológica básica da provincia de Lugo*. Deputación Provincial de Lugo.
- BASSO, M.T. 1999. *Lactarius* Pers. in *Fungi Europaei* 7. Alassio. Mykoflora.
- BERNICCHIA, A. 2005. Polyporaceae s.l. in *Fungi Europaei* 10. Alassio. Edizione Candusso.
- BLUM, J. 1952. Notes sur l'utilisation de la couleur des spores pour la détermination des Russules. *Bull trimest. soc. mycol France*, 68: 232.
- BLUM, J. 1953. Les Russules âcres à sporée jaune. *Bull trimest. soc. mycol France*, 69: 57-76.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. 1981. *Champignons de Suisse. 1. Les Ascomycètes*. Lucerne. Edition Mycologia.
- CABOŇ, M., JANČOVIČOVÁ, S., TRENDL, J. & MOREAU, P.A. 2018. Blum versus Romagnesi: testing possible synonymies of some European russulas (Russulaceae, Basidiomycota). *Oesterr. Bot. Z*, 304: 747-756. <https://doi.org/DOI: 10.1007/S00606-028-1506-3>
- CALONGE, F.D. 1998. *Flora Mycologica Ibérica 3. Gasteromycetes 1. Lycoperdales, Nidulariales, Phallales, Sclerodermatales, Tulostomatales*. Madrid. Real Jardín Botánico (CSIC).
- CARBALLEIRA, A., DEVESA, C., RETUERTO, R., SANTILLÁN, E. & UCIEDA, F. 1983. *Bioclimatología de Galicia*. A Coruña. Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- CASTRO MARCOTE, J.M., COSTA, J.M., POSE, M. & TRABA, J.M. 2024. *Nova guía de cogomelos de Galicia*. Santiago. Xunta de Galicia.
- CHRISTENSEN, M. & HEILMANN-CLAUSEN, J. 2013. The genus *Tricholoma* in *Fungi of Northern Europe* 5. Hardcover.
- CONCELLO DE MUIÑOS, en liña. Situación, orografía e ríos in [Consulta: 11/3/2024]
- COURTECUISSÉ, R. 2005. *Guía de los hongos de la Península Ibérica, Europa y Norte de África*. Barcelona. Editorial Omega.
- ESTEVE-RAVENTÓS, F., LLISTOSELLA, J. & ORTEGA, A. 2007. *Setas de la*

- Península Ibérica e Islas Baleares*. Madrid. Ediciones Jaguar.
- FERNÁNDEZ-MARTÍNEZ, M.A. & CASTRO, M.L. 1998. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi 6713-6749. *Anales Jard. Bot. Madrid*, 56(2): 352-353.
- FGM. Federación Galega de Micología (en línea). Catálogo de hongos de Galicia. Disponible en: <https://www.fgmicologia.org/basidiomycetos.php> [Consulta: 17/4/2024]
- GALLI, R. 2006. *I Lattari*. Milán. Dalla Natura.
- GBIF, SECRETARIAT (en línea). GBIF Backbone Taxonomy. Checklist dataset (en línea). Disponible en: [Consulta: 9/4/2024]
- INDEX FUNGORUM (en línea) Nomenclatural Database Index Fungorum Partnership. Disponible en: <http://www.indexfungorum.org/names/names.asp> [Consulta: 19/3/2024]
- KÜHNER, R. 1938. *Le genre Mycena (Fries)*. Encyclopédie Mycologique. Paris. Paul Lechevalier.
- KUYPER, T.W. 1986. A revisión of the genus *Inocybe* in Europe. I. Subgenus *Inosperma* and the smooth-spored species of subgenus *Inocybe*. *Persoonia*, supplement vol. 3.
- LÆSSØE, T. & PETERSEN, J.H. 2019. *Fungi of Temperate Europe*. 2 vols. Princeton University Press.
- LEJEUNE, C. 2005. *Russula straminea* o *Russula globispora*? *Ann. CEMM*, 2010: 61-72.
- LLISTOSELLA, J. 1998. Algunes espècies del gènere *Russula* de Catalunya i les Illes Balears. 2^a contribució. *Rev. Catalana Micol.*, 21: 75-92.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. & TRABA, J.M. 2011. 500 setas del litoral atlántico y noroeste peninsular. Ponte Caldelas. Edicións Cumio.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. & TRABA, J.M. 2003. *Setas de Galicia*. Santiago. Xunta de Galicia.
- MONEDERO, C. 2011. *El género Russula en la Península Ibérica*. Centro de Estudios Micológicos de Euskadi.
- MORENO, G. & GARCÍA MANJÓN, J.L. 2010. *Guía de hongos de la Península Ibérica*. Barcelona. Ed. Omega.
- MOSER, M.M. 1986. *Guida alla determinazione dei funghi 1. Polyporales, Boletales, Agaricales, Russulales*. Trento. Arte Grafiche Saturnia.
- MUÑOZ, J.A. 2005. *Boletus* s.l. in *Fungi Europaei* 2. Alassio. Edizione Candusso.
- MUÑOZ, J.A. 2018. *Mycena polygramma* (Bull.) Gray, micológica-barakaldo.org (en línea). *Fichas Micológicas*, n° 234. Actualizada el

2-IX-2018. Disponible en:

- NEVILLE, P. & POUMARAT, S. 2004. Amaniteae: *Amanita*, *Limacella* & *Torrendia* in *Fungi Europaei* 9. Alassio. Edizione Candusso.
- PULGAR, I. 1999. *La vegetación de la Baixa Limia y Sierras del entorno*. Universidade de Santiago de Compostela. (Tesis Doctoral inédita)
- RIVAS-MARTÍNEZ, S., PENAS, A., DÍAZ-GONZÁLEZ, T.E., CANTÓ, P., DEL RÍO, S., COSTA, J.C., HERREROS, L. & MOLERO, J. 2017. Biogeographic units of the Iberian Peninsula and Balearic Islands to District level. A Concise synopsis. In J. Loidi (ed.) *The vegetation of the Iberian Peninsula*, I: 131-188. *Plant & Vegetation*, 12
- ROBICH, G. 2003. *Mycena d'Europa*. Trento. Centro Studi Micologici Ass. Micol. Bresadola (AMB)
- RODRÍGUEZ GUTIÁN, M.A. & RAMIL-REGO, P. 2007. Clasificaciones climáticas aplicadas a Galicia: revisión desde una perspectiva biogeográfica. *Recursos Rurais (IBADER)*, 1(3): 31-53
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. (en liña). MICOGA. Base de datos de información corolóxica da micobiota galega [en liña]. Disponible en <https://www.mykes.es/busquedas> [Consulta: 9/4/2024]
- SARNARI, M. 1998. *Monografía ilustrada del genere Russula in Europe* 1. Trento. Assoc. Micol. Bresadola (AMB).
- TRABA VELAY, J.M. 2017. *Russula globispora*, *Russula badia* y *Russula cuprea*, tres especies de la sección *Urentes* en Galicia. *Tarrelas*, 19: 9-16.
- TRABA VELAY, J.M. 2018. *Russula globispora* in Catálogo Micológico de Galicia. FGM. Disponible en: <http://> [Consulta: 10/4/2024]